

ACTA DE CONCESIÓN DA VI EDICIÓN HOMENAXE “OS BOS E XENEROSOS”

O sábado 7 de febreiro de 2009 reúnese ás 12.00 horas no Centro Galego de Arte Contemporánea a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, a persoa ou institución que sería homenaxeada este ano na VI Edición da Homenaxe “Os bos e xenerosos”.

Para esta edición, o Presidente da AELG, D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presenta perante os asistentes á asemblea como proposta de candidatura o exemplo de compromiso ético coa cultura de Galiza, personificado en Mariví Villaverde quen, en representación de moitos outros nomes propios, é memoria viva da Galiza galeguista e republicanista de preguerra, peza basamentar na procura da luz que necesariamente debe guiar o lento camiño da recuperación da memoria histórica de noso, iniciado mais aínda inconcluso, rescatado das tebras dos silencios persoais e dolorosos para a nosa aprendizaxe colectiva.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou, por unanimidade, concederlle esta VI Edición Homenaxe “Os bos e xenerosos” a Mariví Villaverde, referente dinamizador da cultura galega no exilio arxentino a través da tradución e representación de obras en lingua galega, xunto ao seu compañeiro e escritor Ramón de Valenzuela, recoñecida hoxe tamén como escritora, como directora, noutrora, do xornal *Galicia* xunto a Arturo Cuadrado, mais sobre todo como muller-testemuña consciente das cicatrices dun tempo privativo e coutador. Unha vida solidaria, xenerosa, coherente e entregada aos valores sólidos que chantan en nós a grandeza da liberdade.

En Mariví Villaverde quere a AELG recoñecer e meritarse publicamente o seu contributo á rexeneración cultural e social de Galiza, por manter vivo e transmitir aos máis novos o lume aceso da memoria dos exiliados e dos emigrados a partir da loita contra o silencio e o esquecemento que, do contrario, deixarían incompleta a memoria íntegra do século XX.

Dou fe, como Secretaria xeral, co visto e prace do Presidente da AELG.

Mercedes Queixas Zas